



Antonio Veiga recibe a mención de Socio Distinguido de Montañeiros Celtas

O pasado día 14 de decembro fíxoselle entrega dun agasallo ao socio Antonio Veiga, sendo homenaxeado e nomeado socio distinguido do Club Montañeiros Celtas pola súa dedicación á práctica, formación e difusión do montañismo en todas as súas modalidades, así como pola súa adicación ao seu Club.



75 aniversario.

Rematados os actos do 75 aniversario, agrádecese a participación de todas aquelas persoas que colaboraron no desenvolvemente dos actos . A todas, a todos, Grazas.

Seccións


Actividades sociais.....	2
Bici de montaña.....	2
Infantil	2
Cultura e medioambiente	3
Espeleoloxía	4
Montaña	4
Sendeirismo	5
Federación de Montaña.....	6
Federación de Subacuáticas	6
Federación de Espeleoloxía.....	7
Calendario de actividades	8

Vindeiras actividades

- Campamento de Semana Santa en Serra Nevada
- Roteiro dos Faros
- Cea anual



Actividades Sociais



Magosto social 18-19 novembro

O pasado 18 e 19 de novembro celebrouse o magosto social de Montañeiros Celtas no refuxio de Monte Aloia.

As actividades comezaron o sábado ao mediodía coa Pequemarcha polas faldas do Monte Aloia, na que se realizou unha pequecarreira de orientación. Esta actividade contou cunha ampla participación, superando as 70 persoas, entre adultos e nenos.

O domingo, mentres algúns dos socios e socias se esmeraban nos preparativos, un grupiño nutrido de ciclistas percorreron os camiños, corredoiras e carreiros do Monte Aloia, con

saída e chegada no refuxio de Montañeiros Celtas. O día estaba claro e a temperatura era moi agradable, polo que se puido disfrutar das fermosas vistas do Val Miñor, da costa de Baiona e Nigrán e da Serra da Groba.

Os “betetistas” chagaron con tempo xusto de poder saborear as ricas viandas que nos tiñan preparadas: Montañeiros Celtas preparou unha crema de cabaza e os amigos da Zarrota uns garbanzos con setas e bacallau. Un regalo para o paladar.

Xulio Troitiño



Infantil



50^a Aniversario da Operación Benjamín 1 de outubro

Á convocatoria sumáronse un bo número de amigos, socios ou non, que nalgún momento formaron parte desta bonita ilusión. Monitores, cursillistas, colaboradores, ... Todos nos reunimos no refuxio do Monte Aloia, a tomar un vermut e uns petiscos e con esta desculpa, pasar un bo momento con xente á que moitos, hai tempo que non vemos, pero que sempre nos encanta volver ver, lembrando anécdotas, historias, cancións, ...

Persoalmente, botei de menos a algúns que, por unha ou outra razón, non puideron acudir. Esperemos que en próximas reunións vos animedes.

Do mesmo xeito, agradecer a todos os que fixestes un oco para acudir e lembrar distintos momentos ao longo de tantos anos de historia. En especial, encantoume que viñesen os máis novos, os nosos mozos e mozas, que ademais trouxeron as súas guitarras e acompañáronnos coa súa música; (e algúns cos seus nenos, como medran...). Así como a Anxo, o fillo do sempre lembrado e querido

Antonio Álvarez, que ademais trouxo fotos dos primeiros anos.

Espero e confío que desta reunión saia salvia nova para colaborar neste bonito proxecto que actualmente levan adiante Paula e Juanjo, non sen esforzo pola súa banda e pola de todos os que, nalgunha actividade, lle botamos unha man. Temos aberto un grupo en facebook: “yo también participe en la operación benjamín”, para subir fotos e poder estar en contacto. Só tedes que solicitar entrar no grupo e así poder lembrar con imaxes todas esas experiencias.

Para rematar, fixéronse unhas camisetas conmemorativas desta celebración ao módico prezo de 10€. Hai no club unha lista aberta para os que esteades interesados en adquirirlas. Chama a Nerea e apúntate, dille talla, cor (verde ou laranxa) e o teu teléfono para avisarte. Recóllense e páganse no club.

Grazas a todos

Maite e Cris

Pequemarcha polo Tea: Pasos de Tatín 29 de outubro

Cultura e medioambiente

Tatín, bonito e suxestivo nome. Pasos de Tatín, soa mellor: río, bosque de ribeira, etnografía e ademais Tea, río Tea. Podemos pedir máis? Si, pero non mellor.

Pero os ríos teñen sempre algo agochado, algo por descubrir. Aínda que neste caso a sorpresa viña por parte do club.

Así que quedamos no aparcamento que hai pasando Mondariz, Tea arriba. Había dous grupos: Inocentes –nenos- e culpables –pais e organizadores-. Xuntos baixamos ao río onde atopamos un muíño e os pasos de Tatín. Preciosos. Ao cruzar, marxe dereita do río en sentido descendente. Atravesando o bosque de ribeira, sen cruzar por outros pasos que atopamos, chegamos á ponte romana de O Ceo, que cruzamos e volvemos pola outra marxe. Parada técnica de descanso e espera. A sorpresa estíbese a preparar.

Xa é hora! Volvemos ao aparcamento e ao chegar, guau!! Que é iso? É para vós! Un globo! Imos ir en globo? (aquí facemos unha pausa para resumir as centos de preguntas e exclamación que se fixeron en escasos segundos). Imos ir si, se o vento o permite.

Esta era a sorpresa que tiñamos para o grupo de inocentes. Subir en grupos a un globo cautivo. Atado con cordas, subía uns 20 m. Os inocentes alucinaban, falaban polos cóbados e os maiores sorría debaixo do bigote vendo a felicidade, a sorpresa, a dúbida (papá, mamá, podo ir?) e a ilusión desbordante (e algún medo ao principio)

Pero o vento non permitía voar. Había moito. Despois de esperar todo o que se puido, houbo que suspender esta actividade-sorpresa polo vento. Cachis!!

Quedamos emprazados para outro día!! Aínda que teñamos que vir a propósito!!!

E así foi. Quedamos outro día: non había sorpresa. Había frío e ilusión. Moitísima ilusión!!!

A previsión era boa, mais o vento facíase de rogar. Alfonso (o globeiro), que quedara con mágoa porque a outra vez os rapaces no puideron subir, dixo que polo menos o globo incharíase. Alí a lexión de pais e nais, con máis ilusión que os nenos (ademais da dos nenos, a de ver a cara dos cativos), baixamos a cesta do remolque, atámola a tres puntos de ancoraxe, sacamos e estiramos o globo para inchar, e comentábamos “o meu fillo/a miña filla non quere ir se non vou eu). O que tecnicamente dicimos “non dan puntada sen fío” traducido “eu tamén quero ir; eu tamén quero ir; eu tamén quero ir”.

Primeiro probou o globeiro con Emilio, que sufriron algunha sacudida polo vento. Mais desta cumpríronse as previsións e o vento foi dar unha volta ao Suído.

Veña, primeiro grupo, outro grupo e outro máis. E así ata o final. Como o vento seguía polo Suído houbo ata quen repetiu e mesmo tripitiu. A lexión de antes, máis satisfeita pola felicidade e ilusión transmitida, recollemos o globo todo, ben dobradiño e tomamos un chicolate en Mondariz? Polo frío, que é moito.

E así, con esta guinda marrón, rematou a actividade, que algúns contarán dentro de 80 anos: a miña primeira viaxe en globo!!!!

Emilio Ballesteros



Espeleoloxía



Campamento Social de Espeleoloxía 16 e 17 de decembro

A fin de semana do 16 e 17 de decembro, despois de asistir á Asamblea da FGE, engalanámonos cos traxes brancos e vermellos e alá nos fomos a Cobas....a pasar un pouquiño de frío e a botar moitas risas!!

Como xa chegamos pola tarde-noite, pois foi a ocasión de ver algún video de espéleo e facer un pequeno taller de nós, para aprender ou practicar.

Engalanamos o refuxio de bolas, luces, gorros e cornos...e despois dunha cea con menú navideño (bueno, o postre...) tocou ir a durmir.

O domingo xa foi día de cova e verticais...a ver se algún se lembraba de cómo se facía a chave de bloqueo polo menos...A Sima de Cornatel foi a elexida. Pequeno pozo de entrada de 18m e logo alguha rampiña e pequena vertical máis ata chegar a un laguiño. E logo tocou facer uso do turrón xantado o día anterior e botar man das súas calorías para subir pola corda.

Tocou comer, recoller, limpar o refuxio e facer unha foto de rigor. Moitas grazas a todos por participar e esperamos vervos no 2018!!

Carolina Rodríguez



Trekking polo Val do Langtang, zona cero do terremoto en Nepal. 1 a 14 de outubro



O Val do Lantang, ubicado ao norte de Kathmandú e ao lado da fronteira co Tibet, é dunha beleza espectacular. O trekking, deseñado polo noso guía en Nepal, Hem, en coordinación con Fernando, dende o club, mesturou dous coñecidos trekkings da zona e discurre por distintas paisaxes nepalís: frondosos bosques de rododendros, cascadas, cumios nevados, yaks pacendo, poboados de diversos tamaños e etnias...

A chegada a apertura do propio val, un espazo aberto impresionante, foi estremeceadora. Non só porque está rodeado de picos de cinco, seis e sete mil metros; esta foi a zona cero do terremoto no ano 2015



Comezamos o trekking en Syaphru Besi, en dirección ao pobo de Gatlang, de etnia tamang.

De Gatlang a Nagthali Ghyang, foi a xornada máis longa e máis dura xa que o desnivel foi importante (Nagthali está a 3200 m de altitude) e xunto coa calor fixo que sufríramos un pouquiño máis. Neste punto puidemos disfrutar do reflexo da cara oeste do Langtang II no lago no atardecer e do amencer ao día seguinte.

De Nagthali a Briddhim e dende aquí a Sherpagaon, xa metidos no Val do Langtang, donde o son das augas do río Langtang Khola nos acompañaron toda a camiñada.

De sherpagaon a Thomma. A medida que íamos gañando altitude, as andainas foron máis cortas, para aclimatar adecuadamente.

Dende Tomma a Mundu, pasando polo novo pobo do Langtang, construído perto de donde quedou enterrado o vello. Estremeceador. As homenaxes as vítimas salpican todo o camiño coas pedras mani e os seus mantras.

De Mundu a Kyanjin Gumba (3870), remate do trekking, donde algúns subimos ao Tsergo Ri (4984 m) e volta a Syaphru Besi.

Unha viaxe inesquecible . Beni.

Sendeiro do Río Mao 26 de novembro

O Río Mao nace na Serra de San Mamede e diríxese cara ao Sil. Parte do seu percorrido e o seu val é hoxe un gran pantano que forma o denominado Encoro de Leboreiro. Despois deste o val encáixase formando unha espectacular paisaxe antes da unión co Sil en Barxacova en plena Ribeira Sacra.

O sendeiro comezámolo no lugar de Forcas, concello de Parada do Sil. Sitio ao que chegamos despois de dar unhas voltiñas co autobús na súa procura.

O día estaba soleado e con boa temperatura o que animaba a camiñar. Comezamos remontando un pouco o río, ata chegarmos a unha canle que conducía auga a unha antiga central hidroeléctrica. Por esta canle camiñamos durante un bo treito, co río encaixado uns metros máis abaixo, ata chegarmos á necrópole de San Vito, cuxas tumbas excavadas na rocha nos deixaron impresionados.

Paseniñamente, proseguimos camiño cara San Lourenzo, onde comexamos a baixar cara o río, ata chegar a unha antiga central

hidroeléctrica que, hoxe en día, acolle un albergue. Neste punto fixemos parada para comer e algún aproveitou para ir coller bebida e mesmo comida ao bar do albergue.

Sen moita dilación, proseguimos camiño, pois aínda quedaba a metade do percorrido. Primeiro por un tamo de pasarelas de madeira e despois subindo entre os viñedos que se encaraman á ladeira do monte. Pouco a pouco fomos gañando altura ao tempo que podíamos observar os canóns do río Sil e a desembocadura do río Mao.

Unha vez arriba, o sendeiro ten un tamo que discorre por unha estrada, para logo desviarse polo medio dunha carballeira cara o pobo de A Miranda, desde o que se colle un camiño que nos leva de volta ao punto de partida: Forcas.

Entre lusco e fusco, retornamos ao autobús que pacientemente nos agardaba para levarnos de volta a Vigo.

Xulio Troitiño



Sendeirismo



Montaña e Sendeirismo na Serra do Courel 8, 9 e 10 de decembro



A base das “operación” estivo no refuxio da Seara, que acolleu o repouso dos nosos guerreiros e guerreiras.

O domingo, coa ameaza da “cicloxénese explosiva” e despois de levar unha boa molladura, retornaron ao calor dos seus fogares.

Na pasada ponte de decembro, un grupo de socios e socias de Montañeiros Celtas desafiaron á choiva e ao vento da Serra do Courel.

O Formigueiros (1.643m) e o Montouto (1.541), foron dous dos montes escollidos para facer roteiro



LICENZAS FEDERATIVAS



Federación Galega de Montaña (FGM)

Modalidade	A	B	C	D	E	OT	AU
Ambito Territorial	España, Portugal, Pireneo Francés, Andorra e Marrocos	España, Portugal, Pireneo Francés, Andorra e Marrocos	B Máis Europa	Mundial (Excepto Expedicións Polares e Montañas de máis de 7000 m.)	Mundial Para expedicións polares e montañas de máis de 7000 m.)	Idem a B (só Outubro, Novembro e Decembro)	Galicia
Disciplinas aseguradas	Excursionismo, Campamentos, Marchas e Sendeirismo, Marcha Nórdica (sen incluír a Alta Montaña en ningún caso)	Excursionismo, Campamentos, Marchas, e Sendeirismo, Rocódromo, Alpinismo, Montaña e alta Montaña, Escalada, Barrancos, Carreiras por Montaña, Espeleoloxía, Raquetas de Neve, Esquí de Montaña, Canicross, Snow Montaña, Marcha Nórdica, Splitboard e Vías Ferratas	Idem B	Idem C	Idem D	Idem B	Idem as da B en Galicia
Infantis (0-13 anos)	19€	20€	28€	44€	X	x	16€
Xuvenís (14-17 anos)	40€	44€	61€	91€	x	34€	34€
Maiores	67€	71€	114€	165€	548€	50€	49€
SUPLEMENTOS: BTT (25,50€), ESQUÍ ALPINO (34,80€), ESQUÍ DE FONDO NÓRDICO (7€), SNOWBOARD (49,00€) As licencias OT son Licencias tipo B só para os meses de outubro, novembro e decembro para persoas que se federan por primeira vez.							



Federación Galega de Actividades Subacuáticas (FEGAS)

A licenza Senior Deportiva é a máis habitual, a que necesitan os practicantes de calquera modalidade dos deportes subacuáticos. Custe 40,00€

A licenza Senior Competitiva exclusiva para todos os deportistas que participen en campionatos oficiais. Custe 50,00€

A licenza técnico está dirixida aos instructores, adestradores e árbitros. Custe 50,00€

Licenza infantil está dirixida a menores ata os 13 anos. Licenza xuvenil está dirixida a mozos/as entre 14 e 15 anos. Custe 20,00€



Modalidade		<i>Afiliado a un Club</i>		<i>Individual</i>		<i>Afiliado sen cobertura</i>	
		Básica	Plus	Básica	Plus	Básica	Plus
A España	<i>Maior</i>	44,30	76,60	74,30	106,60	21,50	X
	<i>Xuvenil</i>	24,80	58,05	54,80	88,05	11,50	X
	<i>Infantil</i>	21,80	55,05	51,80	85,05	8,50	X
B Europa	<i>Maior</i>	56,65	83,25	86,65	113,25	X	X
	<i>Xuvenil</i>	33,35	60,90	63,35	90,90	X	X
	<i>Infantil</i>	30,35	57,90	60,35	87,90	X	X
B1 Mundial	<i>Maior</i>	73,75	121,25	103,75	151,25	X	X
	<i>Xuvenil</i>	59,00	108,85	89,00	138,85	X	X
	<i>Infantil</i>	56,00	105,85	86,00	135,85	X	X
Temporal 3 días	<i>M-X-I</i>	20,00	X	X	X	X	X
Temporal 30 días	<i>M-X-I</i>	40,50	X	X	X	X	X

VINDEIRAS ACTIVIDADES

Semana Santa en Serra Nevada

Do 28 de marzo ao 1 de abril o club está preparando unha actividade de montaña en Serra Nevada. Mulhacen, Veleta, Alcazaba, ... montañas moi coñecidas polos afeccionados á montaña, estarán no punto de mira. Pero tamén haberá sendeiros e coas pistas de esquí ao lado, ao mellor algún prefire deslizarse polas pendentes abaixo.



Camiño dos Faros

En febreiro comezamos a realizar o Camiño dos Faros. Desde Malpica a Fisterra, bordeando toda a costa da norte, seguindo a ruta marcada polos Trasnos, de 200 km. Faremos etapas de un día e, cando os días sexan máis longos, de fin de semana.

Estade atentos ás datas do calendario e á web



Cea Anual

A cea anual celebrarase o día 17 de febreiro. Aínda está por determinar lugar e menú, polo que próximamente remitiremos información completa.





Edita: Club Montañeiros Celtas

Edición: Xulio Troitiño

Colaboran neste número: Carolina Rodríguez, Emilio Ballesteros, Maite, Cris, Beni, Xulio Troitiño

Imprime: Colexio Andersen / DP: vg-40-1998

Impreso en papel reciclado

	DÍA	LUGAR E ACTIVIDADE	SECCIÓN
X A N E I R O	1	Primeira actividade montañeira do ano ao Galiñeiro	Montaña-sendeiro
	14	Saída bici de iniciación: Goián	Bici
	20	Asemblea e Cea GES	Espéleo
	21	Roteiro. Oseira. Serra Martiñá	Montaña-Sendeiro
	27	Xornadas enceramento e mantemento esquís. L. Social	Esquí
	27	Inmersión na Ría de Vigo (Tódolos Niveis)	Mergullo
	28	Iniciación Esquí de Travesía. Manzaneda	Esquí

	DÍA	LUGAR E ACTIVIDADE	SECCIÓN
F E B R E I R O	3-4	Actividade na neve.	Infantil-Xuvenil
	6	Curso de Mergullo – B1E (Iniciación)	Mergullo
	9	Entroido	Social
	10-11	Xornadas de Técnica Vertical	Espéleo
	11	Saída bici: Pontevedra-Caldas-Pontevedra	Bici
	17	Cea anual	Social
	17	Inmersión na Ría de Vigo (Tódolos Niveis)	Mergullo
	25	Camiño dos Faros 1	Montaña-Sendeiro

	DÍA	LUGAR E ACTIVIDADE	SECCIÓN
M A R Z O	3-4	Roteiro. Parada de Sil	Montaña-Sendeiro
	3	Inmersión na Ría de Muros	Mergullo
	11	Saída bici: muíños do Folón	Bici
	17	Pequemarcha: Galiñeiro	Cultura e M. Ambiente
	17-18	Actividade Infantil-Xuvenil Espeleoloxía	Espéleo
	18	Camiño dos Faros 2	Montaña-Sendeiro
	28 marzo-1 abril	Semana santa	Espeleo
	28 marzo-1 abril	Semana santa. Serra Nevada	Montaña-Sendeiro

Publicorreo
Óptimo

CLUB MONTAÑEIRO CELTAS

Avda. Camelias, 78 oficina k – 36211 Vigo

Teléfono 986 438 505 /   @clubmontaneiroseltas

www.celtas.gal / info@celtas.net

